

ACTUALIZACIÓN NA DETECCIÓN E MANEXO DE CASOS DE INFECCIÓN ACTIVA POLO VIRUS SARS-CoV-2 EN ATENCIÓN PRIMARIA E NA ABORDAXE DOS CONTACTOS ESTREITOS

Subdirección Xeral de Atención Primaria. Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

Actualización Nº 3 – 20-01-2022

Cambios máis relevantes desta actualización:

- Novidades en canto á xestión da incapacidade temporal (IT) dos procesos COVID-19 (casos confirmados e contactos estreitos que precisan corentena):
 - Posibilidade de tramitar os partes de baixa e alta de xeito conxunto.
 - Acceso desde as listas de traballo de IANUS á listaxe de pacientes con procesos de IT abertos por Covid-19 que leven 7 ou máis días nesa situación.
 - Posibilidade de impresión dos partes de IT desde os postos administrativos dos centros de saúde (proximamente).
- Para aquelas persoas cun resultado positivo nun test de autodiagnóstico realizado sen supervisión dun/dunha profesional sanitario/a, dispoñibilidade do formulario de declaración responsable de autotest positivo ([ligazón: Declaración responsable de autotest positivo - Coronavirus \(sergas.gal\)](#))

Tendo en conta a situación epidemiolóxica actual en relación coa infección polo virus SARS-CoV-2, é preciso modificar as instrucións sobre a detección e manexo de casos de infección en atención primaria, así como sobre a abordaxe dos contactos estreitos.

Na actualidade estamos na fase de mitigación, na que as medidas van encamiñadas a intentar que a onda epidémica medre a un ritmo máis lento.

Nas seguintes táboas preséntanse as novas medidas a implantar.

DETECCIÓN E MANEXO DE CASOS DE INFECCIÓN ACTIVA POLO VIRUS SARS-CoV-2			
PROBAS	INTERPRETACIÓN RESULTADO	COMUNICACIÓN RESULTADO	SEGUIMIENTO CASOS POSITIVOS
<p>Proba de detección de infección activa (PDIA):</p> <ul style="list-style-type: none"> • PCR ou • proba rápida de detección de antixenos. <p>-As persoas con síntomas compatibles con COVID-19 deberán comezar inmediatamente o illamento domiciliario e:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Pedir cita para consulta telefónica co/coa médico/a de atención primaria (xornada ordinaria) ou contactar con persoal médico do PAC, para valoración da situación clínica. • Ou ben chamar ao número de teléfono de información sobre o coronavirus 881 540 045. 	<p>-Resultado da proba positivo: caso confirmado.</p> <p>-Resultado da proba negativo sen persistencia de síntomas: caso descartado.</p> <p>-Resultado da proba negativo con persistencia de síntomas: realización de nova PCR antes de 48 horas. Se resultado positivo da mesma: caso confirmado.</p>	<p>-Comunicación resultado positivo: no momento no que a Central de seguimento de contactos (CSC) visualice na listaxe automatizada de "casos confirmados" un/unha novo/a paciente con resultado positivo, contactará con el/ela, para realizarlle unha enquisa epidemiolóxica e pedirlle a listaxe de contactos estreitos. Ademais, xestionará unha cita telefónica en 24 horas co/coa médico/a de atención primaria. Esta cita aparecerá na axenda correspondente coa observación "CSC. Resultado" e poderá verse na listaxe correspondente: <i>Mis pacientes citados para hoy, Pacientes citados en sala (sábados pola mañá) e Pacientes citados en PAC.</i></p> <p>-Comunicación de resultado negativo: SMS.</p>	<p>-Illamento domiciliario obrigatorio.</p> <p>-Cumprimento polo/pola paciente das recomendacións de illamento domiciliario da Dirección Xeral de Saúde Pública (Ligazón).</p> <p>-O seguimento activo dos casos de COVID-19 (preferentemente a través de TELEA), será realizado por un profesional do equipo de atención primaria (persoal médico ou de enfermería), prioritariamente en:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Entornos vulnerables (centros sociosanitarios). • Maiores de 70 anos. • Inmunodeprimidos/as. • Mulleres embarazadas. • Persoas non vacinadas. <p>-Non será preciso o seguimento dos casos asintomáticos ou con síntomas leves sen factores de risco.</p> <p>-O/A médico/a de atención primaria fará, con carácter xeral, 1 ou 2 chamadas telefónicas ao/á paciente durante o período de illamento (non ten que facer seguimento telefónico diario), en función da situación clínica e de se decide tramitar os partes de baixa e alta de IT de xeito conxunto ou separados.</p> <p>-Se o/a profesional médico decide emitir os partes de baixa e alta de xeito conxunto (o procedemento preséntase no Anexo deste documento), pode realizar 1 soa chamada telefónica ao paciente durante o período de seguimento, cos seguintes obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Realizar unha valoración

DETECCIÓN E MANEXO DE CASOS DE INFECCIÓN ACTIVA POLO VIRUS SARS-CoV-2

PROBAS	INTERPRETACIÓN RESULTADO	COMUNICACIÓN RESULTADO	SEGUIMIENTO CASOS POSITIVOS
			<p>clínica.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Explicar ao/á paciente cando lle corresponde a alta de illamento, e que para a mesma non é necesario realizar unha PDIA (PCR/antixeno) (agás en persoal de centros sanitarios e socio-sanitarios). • Se procede, emitir o parte de baixa e preparar o de alta de IT (o parte de alta quedará almacenado no sistema de xestión da IT ata que chegue o día da alta sinalado no mesmo, polo que no momento de preparar o parte de alta, non se debe facilitar o exemplar ao/á paciente con carácter previo á data de alta). • Informar ao/á paciente que os partes de alta só serán visibles en É-Saúde unha vez que se acade a data de alta. • Indicar ao/á paciente que se no 5º día desde o inicio dos síntomas persiste a sintomatoloxía, debe contactar de novo co/coa médico/a de atención primaria, solicitando cita para consulta telefónica, co fin de reavaliar a situación e se procede, adaptar o proceso de IT con criterio clínico. • Informar ao/á paciente de que se no transcurso do período de illamento empeora a súa situación clínica, deberá contactar de novo e en caso de síntomas graves (dispnea, alteración da consciencia ou

DETECCIÓN E MANEXO DE CASOS DE INFECCIÓN ACTIVA POLO VIRUS SARS-CoV-2

PROBAS	INTERPRETACIÓN RESULTADO	COMUNICACIÓN RESULTADO	SEGUIMIENTO CASOS POSITIVOS
			<p>dor torácica) chamará ao 061.</p> <p>-No caso de que o/a médico/a vaia tramitar a alta e a baixa de xeito separado, realizará 2 chamadas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A primeira para valoración clínica, realizar o parte de baixa laboral cando proceda e informar ao/á paciente de que se no transcurso do período de illamento empeora a súa situación clínica, deberá contactar de novo e en caso de síntomas graves (dispnea, alteración da consciencia ou dor torácica) chamará ao 061. • A segunda ao 7º día para comunicarlle a alta de illamento, sen necesidade de realizar unha PDIA (PCR/antixeno) para levantar o illamento (agás en persoal de centros sanitarios e sociosanitarios), así como se procede, emitir o parte de alta. <p>-Alta de illamento domiciliario en pacientes que non estiveron hospitalizados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Casos asintomáticos: 7 días desde a data da toma da mostra. • Casos con síntomas leves: 7 días desde o inicio dos síntomas, se a persoa está asintomática os 3 últimos días. • Resto de casos: 3 días asintomático (resolución do cadro clínico), cun mínimo de 7 días desde o inicio dos síntomas.

DETECCIÓN E MANEXO DE CASOS DE INFECCIÓN ACTIVA POLO VIRUS SARS-CoV-2			
PROBAS	INTERPRETACIÓN RESULTADO	COMUNICACIÓN RESULTADO	SEGUIMIENTO CASOS POSITIVOS
Proba de autodiagnóstico da COVID-19	<p>-Resultado da proba positivo: caso confirmado.</p> <p>-Resultado da proba negativo: caso descartado.</p>	<p>-Autodiagnóstico con supervisión dun/dunha profesional sanitario/a: comunicación do resultado polo/pola profesional.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Se o resultado é positivo: illamento e esperar nas seguintes 24 horas unha chamada de Saúde Pública (CSC). <p>-Autodiagnóstico sen supervisión dun/dunha profesional sanitario/a: o/a cidadán/cidadá ve directamente o resultado.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Se o resultado é positivo: illamento e o/a paciente chamará ao número de teléfono de información sobre o coronavirus 881 540 045 ou cubrirá o formulario de declaración responsable de autotest positivo (ligazón: Declaración responsable de autotest positivo - Coronavirus (sergas.gal)), iniciándose un procedemento como o anterior. 	<p>-Cumprimento polo/pola paciente das recomendacións de illamento domiciliario da Dirección Xeral de Saúde Pública (Ligazón).</p> <p>-O seguimento dos casos de COVID-19 será realizado do mesmo xeito que para os diagnosticados mediante PDIA.</p>

ABORDAXE DOS CONTACTOS ESTREITOS			
TIPO DE CONTACTO	QUEN INDICA A CORENTENA	REALIZACIÓN DE PCR E COMUNICACIÓN RESULTADO	SEGUIMIENTO DE CONTACTOS ESTREITOS
<p>Contacto estreito corentenado: é o que debe cumprir o período de corentena, que se corresponde cos 7 días posteriores ao último contacto co caso confirmado.</p>	<p>-A Central de seguimento de contactos (CSC), os Servizos de Medicina Preventiva ou as Xefaturas Territoriais de Sanidade.</p>	<p>-A CSC solicitará automaticamente só 1 PDIA (PCR/antixeno) durante o período de corentena, a partir do 5º día desde o último contacto co caso confirmado.</p> <p>-Comunicación resultado positivo PDIA (PCR/antixeno): mesmo procedemento que para os casos diagnosticados mediante unha PDIA.</p> <p>-Comunicación de resultado negativo PDIA (PCR/antixeno): CSC/SMS.</p> <p>-Se o contacto estreito non recibise o resultado negativo da PDIA ao 7º día, a corentena prologarase ata que teña ese resultado ou pasasen 10 días desde a data do último contacto co caso confirmado.</p>	<p>-A CSC non fará un seguimento telefónico diario dos contactos estreitos en corentena, senón que os chamará 2 veces: o 1º día para comunicarlle o inicio da corentena e o 7º día para indicarlle o remate da mesma e o comenzo de 3 días de vixilancia.</p> <p>-Ademais a CSC enviará aos contactos estreitos corentenados unha SMS con instrucións sobre medidas de illamento e información sobre a solicitude da PDIA (PCR/antixeno), que se realizará desde a CSC.</p> <p>-Cando un contacto estreito presente síntomas sospeitosos de COVID-19 durante a corentena:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Solicitará consulta telefónica co/coa médico/a de atención primaria en xornada ordinaria ou contactará co/coa médico/a de PAC. • Ou ben chamará ao número de teléfono de información sobre o coronavirus 881 540 045. <p>-Os contactos estreitos aos que se lles indique realizar corentena, deben permanecer no seu domicilio durante o período que dure a corentena, polo que no caso de ser un/unha traballador/a en activo, que non teña a posibilidade de realizar teletraballo procederá a incapacidade temporal, con carácter xeral, durante 7 días. O procedemento para a tramitación dos partes de baixa e alta de forma conxunta, amósase no Anexo deste documento.</p>
TIPO DE CONTACTO	QUEN INDICA A VIXILANCIA	REALIZACIÓN DE PCR E COMUNICACIÓN RESULTADO	SEGUIMIENTO DE CONTACTOS ESTREITOS

<p>Contacto estreito exento de corentena (estarán en vixilancia).</p> <p>-Exencións de corentena: ver pé de táboa*.</p>	<p>-A Central de Seguimento de Contactos (CSC), os Servizos de Medicina Preventiva ou as Xefaturas Territoriais de Sanidade.</p> <p>-Período de vixilancia: 10 días posteriores ao último contacto co caso confirmado.</p>	<p>-Non se realizará PDIA (PCR/antixeno) durante o período de vixilancia, agás en ámbitos de vulnerabilidade (incluíndo centros sanitarios e sociosanitarios), aplicando nestes casos o mesmo protocolo de solicitude de PDIA que nos contactos estreitos corentenados.</p>	<p>-Os contactos estreitos exentos de corentena deben seguir as instrucións xerais de prevención e control, que indica Saúde Pública.</p> <p>-A CSC enviaralles unha SMS con estas instrucións e información sobre a duración da vixilancia.</p> <p>-Cando un contacto estreito exento de corentena presente síntomas sospeitosos de COVID-19 durante o período de vixilancia:</p> <ul style="list-style-type: none"> • solicitará consulta telefónica co/coa médico/a de atención primaria en xornada ordinaria ou contactará co/coa médico/a de PAC. • Ou ben chamará ao número de teléfono de información sobre o coronavirus 881 540 045. <p>-Os contactos estreitos aos que se lles indique a exención da corentena, e polo tanto deben permanecer en vixilancia, poden realizar actividades esenciais como acudir ao seu posto de traballo e, con carácter xeral, non procede a incapacidade temporal nestes casos.</p>
--	---	--	---

***Exencións de corentena en contactos estreitos:**

1. As persoas completamente vacinadas na data do último contacto co caso confirmado, que sexan consideradas contactos estreitos, estarán exentas de realizar corentena, agás:
 - persoas inmunodeprimidas.
 - persoas nas que **saúde pública** confirme que a infección do caso do que se é contacto estreito se debe a unha variante do SARS-CoV-2 Beta ou Gamma, ou se adquiriu dun visón.
2. As persoas asintomáticas que tiveron unha infección por SARS-CoV-2 confirmada nos 180 días anteriores e son contactos estreitos, estarán tamén exentas de realizar a corentena, tendo en conta as mesmas excepcións descritas para as persoas completamente vacinadas no punto anterior.
3. As persoas que traballan en centros sanitarios, estarán exentas da corentena se están vacinadas e no seu centro de traballo utilizan os equipos de protección individual (EPI) adecuados, segundo o establecido no *Plan específico para a prevención de riscos ante a exposición laboral ao SARS-CoV-2 (Ligazón)*. Tense en conta as consideracións especiais no manexo de contactos estreitos vacinados incluídas neste Plan específico. Fóra do traballo nestes centros seguirán as instrucións xerais.

ANEXO. XESTIÓN DA INCAPACIDADE TEMPORAL EN PROCESOS COVID-19

Tras a reunión do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde do día 12 de xaneiro de 2022, o Servizo Galego de Saúde acaba de incorporar a posibilidade de que no momento de dar a baixa nos procesos COVID-19 (casos confirmados COVID-19 ou contactos estreitos en corentena) aos/ás pacientes que o precisen, o/a profesional médico poida proporcionar a alta correspondente de forma conxunta (a través da seguinte ligazón, pódese consultar o manual da nova versión XESIT - v.01.38.0006-, que inclúe as novas funcionalidades: http://portaisaxuda/puntoencontroianus/Manuais_de_usuario/XESIT%20-%20Sistema%20de%20xestión%20de%20Incapacidade%20Temporal/XESIT-PT-v.01.38.0006-RC_IANUS.pdf. En calquera caso, quedará a criterio do/a profesional médico a tramitación dos partes de alta e baixa de forma conxunta ou separada.

Tamén se habilitou a posibilidade de acceder desde as listas de traballo de IANUS á listaxe de pacientes que contan con procesos de incapacidade temporal abertos por COVID-19, cando estes teñan cunha duración de 7 ou máis días.

Entre as novidades implantadas destaca tamén a dispoñibilidade de acceso e descarga dos partes de incapacidade temporal, desde o aplicativo É-Saúde (dentro do apartado "Historia Clínica", na opción Historia de saúde laboral no Sergas).

Así mesmo, o Servizo Galego de Saúde habilitará nas vindeiras datas a posibilidade de que o persoal administrativo dos seus centros saúde poida imprimir e facilitar os partes directamente aos/ás pacientes. Así, conseguirase que aquelas persoas que non teñan a posibilidade de acceder ao aplicativo É-Saúde poidan obtelos dun xeito áxil nos puntos administrativos dos centros sanitarios.

1. Procedemento para a tramitación da baixa e alta de xeito conxunto

- O/A médico/a accederá ao sistema de xestión da IT en IANUS e mecanizará o parte de baixa, indicando o diagnóstico COVID-19 asociado e o tempo estimado de baixa.
- Unha vez asinado o parte de baixa, o sistema comprobará que a duración estimada é de sete días ou menos (os partes de máis días requiren parte de confirmación). En caso afirmativo, o sistema mostrará un aviso ao/á médico/a indicándolle a posibilidade de deixar preparado xa o parte de alta. O parte xerárase coa data de alta, en función do período de baixa que indicase o/a profesional previamente.



- Se o profesional confirma que quere deixar xa preparado ese parte de alta, o sistema precargará toda a información deste parte, indicando como motivo de alta "Melloría" e dando a opción ao/á profesional de que o asine.
- Unha vez asinado ese parte de alta, o sistema de xestión da IT o almacenará ata que chegue o día da alta sinalado no parte. Ese día, o sistema enviará automaticamente o parte de alta ao INSS e desde ese momento, o/a cidadán/cidadá poderá consultalo e imprimilo a través de É-Saúde (o/a médico proporcionará esta información ao/á paciente).
- O/A médico/a durante o período de baixa poderá, en calquera momento, estender ese período, anulando polo tanto o parte de alta que deixara preparado e xerando o parte de confirmación correspondente.
- O parte de baixa estará accesible desde o primeiro día en É-Saúde, no cartafol de historia de saúde laboral. Neste cartafol móstranse todos os partes de alta, baixa e confirmación que ten activos o/a cidadán/cidadá, ademais dun informe de todos os procesos de incapacidade temporal que tivo ao longo da súa historia laboral.

2. Acceso desde as listas de traballo de IANUS á listaxe de pacientes con procesos de IT abertos por Covid-19 que leven 7 ou máis días nesa situación

- Para facilitar o seguimento das baixas de IT por Covid-19 e asegurar que se tramitan con axilidade as altas, pódense configurar a nivel de profesional, servizo ou área, listaxes de traballo de pacientes en IANUS con procesos de IT abertos por Covid-19, que leven 7 ou mais días nesta situación.
- Desta forma, un profesional poderá facilmente coñecer os/as pacientes dun ámbito asistencial que son susceptibles de necesitar xa a alta de IT e así poderllos tramitar.
- Os e as profesionais xa dispoñen dunha opción denominada libro de IT, na que poden ver os procesos de IT activos dos pacientes do seu ámbito de asistencia, pero esta nova opción limitaría esa lista a unicamente os procesos COVID-19 e polo tanto, facilitaría a súa identificación.



3. Impresión dos partes de IT desde os postos administrativos dos centros de saúde

Habilitarase tamén a posibilidade de impresión dos partes de IT (copia para a empresa) desde a área administrativa (SIGAP) dos centros de saúde. A copia para o/a cidadán/cidadá, ao levar o diagnóstico impreso, só será accesible con seguridade alta desde É-Saúde).